

O Consello de Administración da empresa municipal Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA), na sesión extraordinaria e urgente de data 30 de maio de dous mil vinte e catro, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar a publicación na Axencia Local de Colocación da seguinte oferta de emprego para a contratación temporal de persoal de información:

Descripción do posto:

Ocupación solicitada: Informador/a turístico/a

Nº postos: 1

Tarefas: Atención de visitantes, turistas e peregrinos. Información turística

Tipo de contrato: Temporal por substitución

Duración: Vinculada á duración da IT da traballadora substituída

Incorporación: inmediata

Localidade do centro de trabalho: Santiago

Horario: 8 horas/día en quendas de 32 horas semanais de luns a domingo a tempo completo

Salario bruto: 22.957,22 euros (pendente das actualizacións que se aproben para 2024)

Requisitos dos candidatos:

Imprescindibles:

Titulación académica: Título de Técnico/a Superior en Guía, Información e Asistencia Turística, Grao en Turismo, Máster en Turismo e Posgraos en Turismo e equivalentes.

Idiomas: CELGA4 ou validación ao mesmo nivel e Certificado B2 en inglés.

Avaliables:

- Acreditación oficial de Guía de Turismo de Galicia.
- Certificación de nivel de inglés superior ao B2.
- Certificados doutros idiomas, especialmente Francés ou Alemán.
- Experiencia adquirida en postos con similares tarefas en Oficinas de Información Turística públicas.
- Experiencia adquirida en tarefas de atención e información turística no eido privado (aloxamentos, AAVV ou centrais de reservas, terminais de transporte, eventos, ...).

A documentación acreditativa para xustificar o nivel do idioma realizarase mediante a aportación do Certificado expedido pola Escola Oficial de Idiomas ou por outro organismo oficial recoñecido. Para as correspondentes equivalencias estarase ao disposto no Anexo II do Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico a efectos de certificación, establecese o currículo básico dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e Avanzado C2, dos Ensinos de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e establecense as equivalencias entre os Ensinos de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos.

Os méritos relativos á experiencia laboral deberán acreditarse mediante un Informe de Vida Laboral expedido pola Entidade Xestora da Seguridade Social onde consten os períodos traballados e os grupos de cotización, xunto cos contratos de traballo e/ou certificacións dos servizos prestados subscritas polo órgano competente nas que consten, posto de traballo desempeñado, datas de prestación de servizos e categorías profesionais no caso de que non se presente o contrato de traballo.

Aos efectos da valoración da experiencia laboral acreditada, enténdese por un mes cada período de 30 días acreditado. Os períodos a valorar que non superen o mes (30 días), serán valorados de forma rateada.

Criterios de avaliación:

Formación (Ata un máximo de 50 puntos):

Estar en posesión da acreditación oficial de Guía de Tº de Galicia: **10 puntos**

Certificación de nivel de inglés superior ao B2: **20 puntos**

Coñecemento do idioma alemán e/ou francés nun nivel inferior ao B2: **5 puntos**

Coñecemento do idioma alemán e/ou francés nun nivel Intermedio B2: **10 puntos**

Coñecemento do idioma alemán e/ou francés nun nivel superior ao B2: **20 puntos**

Coñecemento doutros idiomas adicionais nun nivel inferior ao B2: **2,5 puntos**

Coñecemento doutros idiomas adicionais nun nivel Intermedio B2: **5 puntos**

Coñecemento doutros idiomas adicionais nun nivel superior ao B2: **10 puntos**

Experiencia profesional (Ata un máximo de 50 puntos):

Por servizos prestados en postos con similares tarefas en Oficinas de Información Turística públicas: **1 punto por cada mes de servizo completo ou fracción.**

Por servizos prestados en tarefas de atención e información turística no eido privado: **0,5 puntos por cada mes de servizo completo ou fracción.**

Sistema de selección:

O sistema selectivo será o concurso e consistirá na valoración dos requisitos que acrediten as persoas aspirantes, referidos ao día de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A baremación dos requisitos availables realizarase a través da documentación aportada. No caso de precisarse aclaracións ou información adicional poderase contactar telefonicamente cos interesados.

Os resultados do proceso faranse públicos a través do portal web: www.santiagoturismo.com/emprego.

A persoa que se propoña para a cobertura do posto que se oferte deberá presentar **documentos orixinais ou fotocopias compulsadas que acrediten os méritos alegados**. A sinatura do contrato e a incorporación ao posto de traballo queda supeditada á presentación de dita documentación correctamente.